

Cine, cine, cine, cine,.....máis cine por favor

Aquí tedes unha selección das películas nas que a actividade física e o deporte son o fio condutor. Podédelas atopar todas na biblioteca do centro. Se tedes algunha proposta nova entrade no foro e aportade tódolos datos necesarios para que poida aparecer na lista.

¡Boa sesión!

<p><i>Billy Elliot</i> Dir. Sthepen Daldry</p>  <p>(2000)</p> <p>Resulta difícil para un neno irlandés de clase baixa supera-los prexuízos do seu entorno máis cercan, para realizarse como bailarín, cando a súa propia familia quere facer un boxeador.</p>	<p><i>Carros de Fuego</i> Dir. Hug Hudson</p>  <p>(1981)</p> <p>Excelente película que recrea as competicións de atletismo e os Xogos Olímpicos da Era Moderna durante a primeira metade do século XX. Trátanse paralelamente os inicios do profesionalismo e o clásico concepto deportivo das universidades inglesas.</p>	<p><i>Flashdance</i> Dir. Andrian Lyne</p>  <p>(1983)</p> <p>Un rotundo triunfo visual e musical, Flashdance é a trepidante historia de Alex Owens, unha xoven de 18 anos moi decidida e fermosa que traballa como soldadora de día e como bailarina nun club polas noites. A película brila coa música dos 80. Descubrimos os avatares de Alex para obter a súa independencia e atopar o amor, así como o seu soño de bailar no Conservatorio de Danza de Pittsburg.</p>
<p><i>Fama</i> Dir. Alan Parker</p>  <p>(1980)</p> <p>Clases sen descanso e esfozo, é o que se garantira na Escola Superior de Artes de Nova York. Fama e triunfo é o que buscan os músicos, actores e bailaríns. Fama é unha explosiva combinación de música e baile electrizante ca converte nun dos máis memorables musicais da súa xeración.</p>	<p><i>5 días un verano</i> Dir. Fred Zinnemann</p>  <p>(1982)</p> <p>A través dunha extraña relación amorosa, con esta película podemos achegarnos á práctica do alpinismo ó estilo da primeira metade do século XX.</p>	<p><i>Me llaman Radio</i> Dir. Michael Tollin</p>  <p>(2003)</p> <p>Tenra historia dun rapaz discapacitado que chega a formar parte importante dos equipos deportivos dun centro escolar, grazas á laboura dun adestrador-profesor.</p>

El Portero
Dir. Gonzalo Suárez



(2000)

Historia dun porteiro de primeira división que por culpa da guerra se ten que gaña-la vida nas prazas dos pobos apostando cos penaltis.

En busca de Bobby Fischer
Dir. Stephen Zaillion



(1993)

Historia en torno a un neno de dez anos que é un auténtico prodixio xogando ó xadrez.

Oliver
Dir. Carlo Reed



(1968)

Adaptación musical do clásico de Charles Dickens "Oliver Twist". As súas aventuras nunha excelente película con coreografías e tratamento artístico de grande interés.

Million Dollar Baby
Dir. Clint Eastwood



(2004)

Drama ben ambientado na dureza do boxeo. Neste caso o púxil protagonista é unha rapaza (nun deporte preferentemente machista). Constrúese unha interesante relación con seu adestrador e aporta un desenlace...

Cinderella man (El hombre que no se dejó tumbar)
Dir. Ron Howard



(2005)

Baseada na historia real dun boxeador acabado, James L. Braddock, que tivo unha segunda oportunidade para subir ó ring e enfrentarse ó campeón dos pesos pesados. O seu esforzo e constancia así como as súas vitorias convertérono no heroe nacional do momento..

Coach Carter
Dir. Thomas Carter



(2005)

Baseada nun sorprendente feito verídico, narra a historia do polémico adestrador de baloncesto Ken Carter que recibiu grandes alabanzas e devastadoras críticas cando foi noticia nacional pola "clausura" do seu equipo, ó que xamais venceran, debido ó seu mal expediente académico.